



REGULAMENTO TÉCNICO DE VOLEI PRAIA

INDICE XERAL

Capítulo I	NORMAS XERAIS	2
Capítulo II	ORGANIZACIÓN DAS COMPETICIÓNS	3
Capítulo III	INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO	5
Capítulo IV	SISTEMAS DE COMPETICIÓN, CADROS E HORARIOS	7
Capítulo V	PARTICIPACIÓN DE EQUIPOS E XOGADORES	9
Capítulo VI	CÓDIGO DE CONDUCTA DO XOGADOR DE VÓLEI PRAIA	11
Capítulo VII	COMPETICIÓNS CON PREMIOS EN METÁLICO OU EN ESPECIE	13
Capítulo VIII	CLASIFICACIÓN DE XOGADORES: O RÁNKING NACIONAL DE VÓLEI PRAIA	14
Disposición final		16

ANEXOS

Anexo I	RÁNKING NACIONAL DE VÓLEI PRAIA	17
Anexo II	CADROS DE DOBRE ELIMINACION	11 18

CAPÍTULO PRIMEIRO NORMAS XERAIS

Artigo 1. Ámbito de aplicación

Este Regulamento ten coma finalidade regular a organización e o desenvolvemento das Competicións Oficiais de Vólei Praia que se celebren en Galicia e que lle correspondan á Federación Galega de Vóleibol (FGVb).

Os artigos deste Regulamento son complemento da normativa xeral da FGVb e do Regulamento de Xogo, e serán de obrigada atención para os órganos federativos e para cantas persoas interveñan nas competicións oficiais de vólei praia.

Artigo 2. Competicións oficiais e homologadas

1.- Son Competicións Oficiais de Vólei Praia da FGVb as establecidas nos seus Estatutos e as aprobadas pola Asemblea Xeral.

2.- Todas as demais competicións, para seren oficiais, deberán inscribirse na FGVb mediante un documento oficial e recibir a correspondente homologación federativa. Previamente a autorizar unha competición, a FGVb poderá levar a cabo un estudo que determine a capacidade dos organizadores para realizar a competición coas garantías suficientes. Visto o resultado desta, a FGVb poderá denegar a autorización federativa sempre que haxa causas razoables que así o aconsellen.

3.- A FGVb será a responsable de establecer as regulamentacións específicas de cada competición, as súas sedes, datas y horarios. De igual xeito, resolverá cantos conflitos deportivos se orixinen nelas.

4.- Todos os xogadores/as que participen nunha competición oficial deberán posuír un seguro deportivo que cubra os posibles accidentes que se produzan durante o seu desenvolvemento. Ademais os organizadores (FGVb, club, promotor, etc.) deberán contratar o seguro de responsabilidade civil que esixe a lexislación vixente no caso de organización de eventos deportivos.

Artigo 3. Organización e entidades colaboradoras

A organización das competicións corresponde directamente á FGVb. Non obstante, e para o seu mellor desenvolvemento, a FGVb poderá designar a un ou máis promotores privados que se encargarán da instalación das infraestruturas necesarias para a súa celebración, así como do financiamento e comercialización das competicións segundo contrato. A FGVb poderá tamén delegar nas Delegacións Zonais, clubs, concellos ou outras institucións, a organización

material das competicións ou de parte delas. As anteriormente mencionadas delegacións supoñen tamén a transferencia das responsabilidades civís, administrativas e penais que puideran derivarse da celebración destas ás entidades que asuman a organización material das probas.

Artigo 4. Participación

Para que un xogador poida tomar parte nunha proba determinada, deberá ter licenza nacional ou autonómica galega en vigor, cumprir con todos os requisitos de inscrición expresados na normativa específica e aboar as taxas correspondentes.

Os gastos da licenza e do seguro deportivo serán asumidos polos xogadores e/ou clubs participantes.

No caso de competicións nacionais será necesaria a expedición da licenza nacional co custe que estableza a RFEVb.

CAPÍTULO SEGUNDO ORGANIZACIÓN DAS COMPETICIÓNS

Artigo 5.- Comité Técnico da Proba

Toda competición oficial que se rexa por este Regulamento deberá contar cun Comité Técnico da Proba, que estará constituído polo Director da Competición, o Xuíz Árbitro e o Delegado Federativo. Eles serán os responsables do desenvolvemento da competición dentro do establecido no presente Regulamento e no uso das súas respectivas competencias.

Artigo 6.- O Director da Competición

Designado pola FGVB, é a máxima autoridade deportiva durante a celebración da proba e contará coa colaboración de todo o persoal da organización. É o responsable de todos os detalles da organización xeral e da boa marcha da competición. Deberá permanecer no recinto durante o seu desenvolvemento e, no caso de ter que ausentarse temporalmente, deberá deixar no seu lugar a algún membro do Comité Técnico da Competición.

Son funcións específicas deste, entre outras:

- Comprobar a corrección das instalacións e do persoal necesario, e a súa posta a disposición no momento previsto.
- Levar da FGVB toda a documentación necesaria para o desenvolvemento da proba.
- Comprobar cos responsables da empresa promotora todas as cuestións publicitarias.
- Coordinar co Xuíz Árbitro todas as cuestións relativas ao arbitraje e ao persoal de pista

- Dirixir a Reunión Técnica, o control dos xogadores inscritos e a entrega de equipamento aos xogadores.
- Asignar as pistas de xogo e establecer os horarios dos partidos.
- É o responsable da emisión da información deportiva durante a celebración do torneo, especialmente no que respecta á distribución de horarios e pistas de xogo. Asegurarase que esta información chegue aos xogadores, árbitros e público mediante a súa colocación e/ou entrega nos lugares establecidos.
- Comprobar que todos os responsables cumplan coas súas obrigacións.
- É o único intérprete da normativa federativa na sede do torneo e toma as decisións definitivas no caso de protestas sobre a organización, resultados e cuestións arbitrais, tras consultar cos responsables das ditas áreas.
- En ausencia del responsable de prensa/protocolo, asegurarse do correcto desenvolvemento da cerimonia de entrega de premios.
- Remitir á FGVb no mais breve prazo posible toda a documentación relevante do torneo. Especialmente nas 24 horas seguintes á conclusión da proba, deberá achegar a FGVb a Acta Final do Torneo cos resultados dos partidos.

Artigo 7. O Xuíz Árbitro

Designado polo Comité Técnico Galego de Arbitraje (CTGA), é o enlace do Director da Competición co colectivo arbitral, designa aos árbitros e vela polo cumprimento de todas as obrigacións que o Regulamento de xogo asigna aos árbitros.

Funcións específicas:

- Instrúe aos árbitros sobre os puntos do Regulamento e da Competición.
- Inspecciona o estado e equipamento das pistas, poñendo en coñecemento do Director da Competición as súas observacións.
- Prepara e revisa as Actas dos partidos.
- Avalía a actuación arbitral.
- Realiza as designacións para cada partido e a adecuada rotación para descanso dos árbitros.
- Recollerá, revisará e validará as liquidacións do equipo arbitral e será o encargado de remitilas ao CTGA e que estivera encargado do seu pagamento.

Artigo 8. O Delegado Federativo

Representa á FGVb na proba. Asiste ás roldas de prensa e visitas de promoción e institucionais e fala en representación da FGVb. Na súa ausencia as súas funcións son asumidas polo Director da Competición.

Artigo 9. O equipo arbitral

O número de árbitros será, a lo menos, unha vez e media o número de pistas de competición que se utilicen, para permitir a rotación con descanso. Todos os árbitros deberán ter licenza en vigor de vólei praia e seguro deportivo.

Nas semifinais, final e 3º e 4º posto haberá, salvo casos excepcionais, 1º e 2º arbitro en cada pista.

Artigo 10. Persoal auxiliar

É o persoal, voluntario ou non, necesario para o correcto funcionamento da competición. Estará baixo ás ordes do Comité Técnico da Proba e, de xeito específico, do Director da Competición. O número de persoal necesario dependerá do nivel da proba en cuestión e do número de inscritos. Entre outros:

- Encargado de Promoción na sede do torneo, que realiza actividades tales como xogos con nenos, entrega de regalos, programas, e toda sorte de actividades paralelas que puidieran organizarse.
- Locutor/Animador, que informa sobre todos os aspectos de interese do torneo, tales como puntuacións, resultados, parellas participantes ou actividade nas pistas. Entretén e anima ao público. Proclama os nomes de patrocinadores e institucións colaboradoras, encárgase da música e de ambientar o torneo.
- Persoal para o montaxe das pistas e dos elementos propios da organización do torneo.
- Voluntarios para distintas tarefas. (recollepelotas, rastrilladores, ou asistentes de pista)

CAPÍTULO TERCEIRO INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO

Artigo 11. A pista de Vólei Praia

A pista de Vólei Praia onde se celebre una competición oficial deberá ter as dimensións e deseño establecido Regulamento de Xogo.

Artigo 12. Pistas de competición

O número de pistas necesarias para organizar una competición de Vólei Praia dependerá do número de equipos participantes, do número de partidos a disputarse, do sistema de competición,...

Artigo 13. Pistas de quecemento

Ademais das pistas de competición deben preverse pistas de quecemento, unha para a categoría feminina e outra para a masculina. No caso de non haber pistas de quecemento, deberá permitirse un tempo de quecemento na propia pista de competición previo ao partido dun máximo de 15 minutos, tal e como se establece no Artigo 22.

Artigo 14.- Os postes, a rede e as antenas

O equipamento mínimo dunha pista de Vólei Praia consta dos postes, a rede e as antenas.

1.- Os postes serán redondos, situados entre 0,70 m e 1 m das liñas laterais e terán unha altura de 2,55 m. Deben ter un dispositivo de axuste da altura da rede que permita subila ou baixala á altura regulamentaria.

2.- A rede será de dimensións 1 m de ancho e de 8,5 m de longo, con malla a cadros de 10 cm. x 10 cm. Nos seus bordes superior e inferior haberá dúas bandas horizontais de 5 a 8 cm de ancho de cor azul escuro ou cor claro, cosidas ao longo de toda a súa lonxitude. Polo seu interior pasará un cable de suxeición da rede, ademais terá unha corda de tensado superior e no extremo inferior outra corda de tensado inferior. Verticalmente colocaranse na rede dúas bandas laterais de 5 cm. a 8 cm. de ancho y 1 m de longo que van sobre cada liña lateral do campo de xogo.

3.- As antenas son dúas variñas flexibles de plástico reforzado con fibra de vidro ou material similar de 10 mm de diámetro e 1,80 m de longo, colocadas a ambos extremos da rede no exterior de cada banda lateral. Os 80 centímetros superiores de cada antena sobresaen por enriba da rede e estarán marcados con franxas de 10 centímetros de ancho de cores contrastados, preferiblemente vermello e branco.

Artigo 15. Balóns

O balón oficial dunha proba establecerase na súa normativa específica. No caso de que a normativa específica da proba non recolla o modelo concreto do balón, atenderase o recollido nas Normas Xerais de vólei praia no seu punto 8.

En cada pista haberá dous balóns, que deberán ter as mesmas características en canto a cor, circunferencia, peso, presión, tipo,...

Os balóns estarán dispostos para o quecemento oficial dos equipos.

Artigo 16. Outros elementos

1.- En cada pista de xogo haberá, ademais, o seguinte material:

- 1 marcador de mesa
- 1 mesa, cadeira e parasol para o anotador
- 4 cadeiras ou 2 bancos para os xogadores
- 1 parasol por equipo

2.- Na instalación haberá:

- 1 taboleiro de competición grande en sitio accesible para xogadores, prensa e público.
- 1 bomba manual para inflado de balóns.

- Aseos para xogadores, árbitros e persoal a menos de 50m das canchas de xogo.
- Tomas de corrente eléctrica.
- 1 neveira provista de bebida para xogadores e árbitros (opcional).
- 1 caixa de primeiros auxilios ou ambulancia (opcional).
- Espazos de sombra suficientes para xogadores, árbitros e persoal voluntario (opcional).
- Xeo (opcional).
- Vestiarios para xogadores e árbitros ou, preferiblemente con duchas e aseos (opcional).

Artigo 17. Vestimentas de xogadores, árbitros e voluntarios

Os xogadores, árbitros e voluntarios vestirán de conformidade co establecido no Código de Conducta do Regulamento Técnico de Vólei Praia da RFEVB.

Artigo 18. Carpas

Nas competicións de Vólei Praia instalaranse, como mínimo, unha carpa:

- 1 para a organización, especialmente para o Director da Competición, dotada de toma de corrente eléctrica, mesa de dimensións suficientes para a colocación do equipo informático e da megafonía e dúas cadeiras;

Con fácil acceso e próxima a carpa de organización deberá haber neveiras con bebidas en cantidade suficiente (opcional).

CAPÍTULO CUARTO SISTEMAS DE COMPETICIÓN, CADROS E HORARIOS

Artigo 19. Sistemas de competición

O sistema de competición dunha proba de Vólei Praia establecerase na súa normativa específica, e poderá ser un dos tres seguintes ou unha combinación destes, salvo que nela se sinalara outra cousa:

- 1.- Grupos.
- 2.- Eliminación directa.
- 3.- Eliminación dobre.
- 4.- Series.

Artigo 20. Cadros de competición

A confección dos cadros de competición, segundo cada sistema, baséase no principio xeral de que os mellores equipos enfróntanse aos peores, de tal xeito que non se produzan enfrontamentos nas primeiras roldas da competición entre os equipos mellor clasificados no ránking (ver capítulo seguinte).

Artigo 21. Insuficiencia de participantes para completar un cadro. O “bye”.

Cando nunha proba no haxa suficiente número de equipos inscritos, utilizarase a técnica do “bye”, vocábulo que indica a ausencia de equipo. Os grupos ou cadros empezaranse a encher cos equipos inscritos, e unha vez terminados, engádense cantos “bys” sexan necesarios. En caso de la competición por grupos, o beneficiado terá un compoñente menos, e no caso dos sistemas de eliminación, pasará directamente á seguinte rolda. O “bye” corresponderá sempre ao equipo con mellor “seeding”.

Artigo 22. Quecemento, descansos e suspensións

1.- O tempo de quecemento en pista antes de un partido será decidido polo Director da Competición e anunciarase na reunión preliminar. Non poderá ser inferior a 3 minutos e se non hai pistas de quecemento, poderase prolongar ata un máximo de 10 minutos.

2.- O tempo de descanso mínimo entre dous partidos para o mesmo equipo, será de 10 minutos, horarios que se respectarán salvo causa xustificada apreciada polo Director da Competición.

3.- O Comité Técnico da Proba decidirá a suspensión dun torneo se as inclemencias meteorolóxicas vólvense perigosas para a integridade física dos participantes (tormentas con aparato eléctrico, calor e humidade extremas...).

Artigo 23. Asignación de pistas

A asignación de pistas, incluída a central, a decidirá o Director da Competición, que poderá establecer previamente a que corresponde a cada partido ou ben que se vaia xogando na orde de partidos establecido nas que vaian quedando libres.

Artigo 24. Desempates

1.- Os desempates na competición solucionaranse da seguinte maneira:

- No caso de que os empatados disputaran a mesma cantidade de partidos: ratio de set (todos os partidos), ratio de puntos (todos os partidos), mellor ránking de entrada á proba, mellor seeding, e no caso de persistir a igualdade, sorteo.
- No caso de que os empatados non disputaran a mesma cantidade de partidos:

- Se disputaron todos un partido: ratio de set do último encontro, ratio de puntos do último encontro, mellor ránking de entrada á proba, mellor seeding, e no caso de persistir a igualdade, sorteo.
- Se algún de eles non disputaran partidos: mellor ránking de entrada á proba, mellor seeding, e no caso de persistir a igualdade, sorteo.

Cando haxa que dilucidar o paso a unha seguinte rolda de equipos situados en diferentes grupos, e estes non tiveran o mesmo número de participantes, os ratios calcularanse unicamente en relación cos partidos que disputaran fronte aos que quedaran por diante de eles na clasificación do seu grupo.

2.- Os desempates para a entrada nunha proba ou, dentro desta, para determinar a posición no cadro principal, solucionarase da seguinte maneira:

- A igualdade no ránking solucionarase atendendo ao seeding;
- a igualdade no seeding solucionarase atendendo ao ránking;
- como último criterio, decidírase por sorteo.

CAPÍTULO QUINTO

PARTICIPACIÓN DE EQUIPOS E XOGADORES

Artigo 25. Acceso ás competicións de Vólei Praia

As probas de Vólei Praia poderán ser de participación aberta, ou requirir dunha determinada puntuación (ránking) que discrimine aos mellores xogadores, tanto para darlles entrada como para non permitir a súa participación – torneos populares, de promoción ou de segunda categoría. Tamén poderá establecerse un torneo previo de clasificación para determinar os equipos que vaian a unirse no cadro final aos clasificados directamente por ránking.

Artigo 26. Valoración de xogadores e equipos: o “ránking” e o “seeding”.

1. O ránking: fai referencia aos puntos que un xogador acumula durante un período de tempo establecido, pola suma de todos os obtidos pola clasificación nas probas previas. Determina a entrada nun torneo ou no cadro final deste.
2. O seeding: determina a colocación no cadro. Pode ser igual ao ránking ou ben obterse mediante a consideración das clasificacións alcanzadas nun número determinado de probas da mesma competición. As normas particulares de competición poderán establecer outros sistemas de colocación de equipos no cadro, como o sorteo ou sistemas mixtos.

Os puntos de ránking e seeding son individuais, polo que para obter os de cada equipo deberanse sumar os dos dous compoñentes respecto do ránking ou a semisuma no caso do seeding.

Artigo 27. A “wild card” ou invitación de equipos a marxe da súa clasificación.

As normas específicas de cada proba poderán reservar á FGVb o dereito a invitar a equipos que non teñan puntos suficientes, a entrar no cadro final ou no cadro de clasificación destas. O número de invitados e a súa colocación nos cadros establecerase nas ditas normas.

Artigo 28. Retirada de equipos e xogadores antes do inicio da proba.

Todas as retiradas de equipos e cambios na súa composición deberán comunicarse á FGVb antes da publicación dos horarios definitivos da proba por parte de FGVB.

A retirada dun equipo da clasificación suporá a entrada dun de reserva (o seguinte na orde do ránking). A retirada dun equipo do cadro final suporá a entrada directa neste do equipo con mellor ránking da clasificación, e a entrada nesta do mellor reserva.

A retirada dun xogador e a entrada doutro novo obriga a recalcular o ránking e o seeding dos equipos, o que poderá supoñer variacións no cadro.

Artigo 29. Retirada de equipos e xogadores durante o desenvolvemento da proba.

Unha vez comezado o torneo, a retirada dun xogador ou equipo supón a súa exclusión do torneo. A vacante que deixa non pode cubrirse con outro, salvo que a retirada sexa dun equipo do cadro final antes de iniciarse este, momento no cal poderase recuperar a outro equipo da clasificación.

Artigo 30. Especialidade na competición por grupos: lesións e non asistencia a algún dos partidos do grupo.

O Comité Técnico da Proba será especialmente coidadoso na comprobación das lesións e causas de non asistencia de equipos nas competicións por grupos, podendo chegar a suspender da proba ao equipo que, alegando calquera causa, non comparecese a algún partido do seu grupo por estar xa clasificado.

Artigo 31. A protección dos campionatos.

Na normativa específica dos circuítos ou campionatos de Vólei Praia, poderá establecerse unha cláusula de protección destes, mediante a cal o xogador inscrito neles comprométese a non participar en ningún outro nas datas coincidentes con eles. Igualmente, poderá protexerse a participación na proba final dun circuíto ou campionato, facéndoa obrigatoria para los xogadores que se clasificaren para ela. O incumprimento deste compromiso dará lugar ás sancións económicas e deportivas que se sinalen.

Artigo 32. Dereitos de imaxe.

Pola sola inscrición nun torneo ou proba organizada por la FGVb, o xogador cede a esta a utilización dos seus dereitos de imaxe na participación deste, podendo a FGVb utilizados ou cedelos a terceiros para a promoción do propio campionato, da FGVb, do vólei praia, do voleibol ou do deporte en xeral. Dentro desa cesión, inclúese a obrigaón que teñen os xogadores de posar para ser fotografados con ou sen a roupa oficial da proba e diante dun fondo coa publicidade oficial ou sen ela.

CAPÍTULO SEXTO

CÓDIGO DE CONDUCTA DO XOGADOR DE VÓLEI PRAIA

Artigo 33. Ámbito de aplicación

O Código de Conducta do xogador de vólei praia é aplicable a todos os xogares que participen en calquera competición oficial de vólei praia. A inscrición na competición supón a súa aceptación e o voluntario sometemento ós órganos da FGVb encargados da súa aplicación.

A Aplicación das normas do presente Código de Conducta realizarase sen prexuízo das sancións que corresponda impor o primeiro árbitro durante a celebración do encontro e os órganos disciplinarios da FGVb fora de el.

As penalizacións e a descualificación aplicaranse o equipo en conxunto, pero as sancións soamente se impondrán ó infractor.

Artigo 34. Bo comportamento xeral

O comportamento dos xogadores durante a celebración das probas ou torneos, tanto dentro como fora da pista, deberá ser de exemplar reflexo dos valores deportivos, polo que deberán evitar as actitudes e procederes agresivos, antideportivos o antisociais.

Artigo 35. Puntualidade

Os partidos deben xogarse sen atrasos en concordancia coa orde de xogo establecido, que será exposto nun lugar visible polos xogadores. Os xogadores deberán estar preparados para xogar cando os seus partidos sexan chamados. Deberán presentarse na pista de xogo, a lo menos 5 minutos antes do inicio previsto do seu partido. Establécese un período de cortesía de 10 minutos dende o momento previsto de inicio do partido para que o equipo se presente listo para xogar. De non facelo así daráselle o partido por perdido, a menos que o Director da Competición, ao seu propio e único criterio, considere relevantes as circunstancias do atraso.

Artigo 35. Indumentaria

Os xogadores dun mesmo equipo deberán vestir, preferentemente, uniforme da mesma cor e estilo. Os uniformes irán numerados do 1 ao 2 no caso de que a modalidade sexa de parellas, o de 1 a 4 no caso da modalidade A-4

Artigo 36. Abandono do partido ou da competición

Un xogador debe terminar o partido que está disputando ou tomar parte na proba a que se inscribira excepto no caso de forza maior. Será o Comité Técnico da Proba o que decida caso por caso a gravidade da situación alegada polo xogador.

Artigo 37. Atrasos inxustificables no desenvolvemento do partido

Os xogadores deben comezar a xogar trala orde do primeiro árbitro despois do tempo de quecemento. O xogo debe ser continuo e un xogador non debe atrasar deliberadamente o partido por ningunha causa, incluíndo a perda natural de condición física. Unicamente autorízanse os lapsos de tempo previstos no Regulamento e os que sexan indispensables para a continuación do xogo, tales como recollida de balóns,...

Artigo 38. O incumprimento da cláusula de protección dos campionatos

O xogador inscrito a un circuíto ou campionato con cláusula de protección, estará obrigado a cumprila en todos os seus termos. En caso contrario, poderá non serlle permitida a súa inscrición no resto das probas do circuíto e/ou ser privado de todo ou parte dos premios que se establezan para o conxunto do circuíto ou campionato.

Artigo 39. Consellos técnicos

As persoas alleas á disputa dun partido no poderán encontrarse dentro da área de xogo nin, fora de ela, a menos de 2 metros dos xogadores. Un xogador non poderá establecer ningún tipo de comunicación, ou recibir consellos por calquera medio, cun adestrador ou con calquera persoa do público durante o transcurso do partido, incluído o quecemento, salvo regulamentación en contrario da proba en cuestión. O adestrador poderá ser expulsado da pista de xogo e, de non facelo, poderase descualificar ao seu equipo.

Artigo 40. Acumulación de infraccións ao Código de Conduta do Xogador de Vólei Praia durante unha mesma proba e descualificación automática.

Se durante o desenvolvemento dunha mesma proba un xogador ou equipo é advertido en mais de dúas ocasións por realizar algunha das condutas prohibidas, ou o seu comportamento é clara e reiteradamente antideportivo, o Director da Competición poderá expulsalo de proba.

Igualmente, o Comité Técnico da Proba pode declarar a descualificación automática dun xogador ou equipo por unha única infracción no caso de ser especialmente grave.

En ambos casos perderá os premios en metálico que pola súa participación ou resultado puideran corresponderlle.

O Comité Técnico da Proba trasladará informe ao Comité de Competición da FGVb, por se procedera maior sanción de acordo ao Regulamento Disciplinario. Este Comité, cando a descualificación se produza nunha competición consistente nunha sucesión de torneos, poderá sancionar ao xogador persoalmente responsable, coa súa exclusión de todos ou algúns dos torneos que resten daquela, así como do Torneo Final no caso de habelo.

Artigo 41. Cerimonia de entrega de premios.

Os xogadores aos que lle corresponda participar na cerimonia de entrega de premios pola súa clasificación ou por calquera outra causa, deberán asistir e participar nela segundo o protocolo establecido pola organización. No caso contrario perderán o dereito a percibir o premio que lles correspondera.

CAPÍTULO SÉPTIMO

COMPETICIÓNS CON PREMIOS EN METÁLICO E/OU EN ESPECIE

Artigo 42. Adxudicación

A FGVb poderá acordar co promotor da competición a entrega de premios en metálico e/ou en especie aos participantes nunha proba segundo a súa clasificación.

Tamén poderá entregalos por outras circunstancias de mérito deportivo, como ser designado mellor xogador da proba e outras. Cando os premios se entreguen por consideracións subxectivas, formarase un xurado para concedelo. Estará composto polo Comité Técnico da Proba e o Promotor o quen este designe, e presidido polo Delegado Federativo, que terá voto de calidade.

En todo caso quedará claro ante os xogadores se a responsabilidade do pago corresponde ao promotor ou patrocinador específico, ou á FGVb.

Artigo 43. Publicidade dos premios

Os premios deben ser publicados coa normativa da proba e estar definitivamente fixados antes do inicio do período de inscrición. Non obstante, por circunstancias sobrevidas, a FGVb poderá variar a súa contía antes do inicio da proba que poderán decidir se participan na proba ou non.

CAPÍTULO OCTAVO

CLASIFICACIÓN DE XOGADORES: O RÁNKING NACIONAL DE VÓLEI PRAIA

Artigo 44. Creación

O Ránking Nacional de Xogadores de Vólei Praia créase para clasificar aos xogadores españois de Vólei Praia na orde que lles corresponde segundo os resultados obtidos nas competicións incluídas no sistema. As puntuacións establécense no Anexo I do presente Regulamento.

Artigo 45. Competicións incluídas no sistema

Estarán incluídas no sistema todas as probas oficiais que organice a FGVb e que cumpran cuns determinados requisitos. Estes redúcense á manifestación escrita de querer incluírse no ránking Nacional de Vólei Praia, de ter unha clasificación autonómica con base ao dito campionato e a comunicar por escrito (en 48 horas trala conclusión de cada proba) á RFEVB os resultados, clasificacións e características do campionato.

A RFEVB establecerá a puntuación e o factor multiplicador aplicable en función da categoría deportiva dos equipos participantes, o ámbito xeográfico da competición, a categoría de idade dos participantes, a entidade organizadora, os premios adxudicados e outras circunstancias relevantes, segundo recolle o Regulamento Técnico de Voley Playa da RFEVB.

Artigo 46. Clasificación dos campionatos autonómicos

As probas dos Campionatos autonómicos terán o factor multiplicador que a RFEVB establece nos seus regulamentos.

Terán acceso ao RNVP unicamente os 16 primeiros equipos clasificados en cada proba.

Artigo 47. Clasificación e categoría dos xogadores

A clasificación dun xogador no Ránking Nacional de Xogadores de Vólei Praia determinará a súa aptitude para participar nas probas que organice a FGVb e, dentro destas, a súa entrada directa no cadro final ou no de clasificación.

Establécense dúas categorías de xogadores: serán xogadores de primeira categoría os clasificados entre os 32 primeiros postos do ránking na categoría masculina, e entre as 24 primeiras na feminina. Serán xogadores de segunda categoría os clasificados no posto 33 e seguintes na categoría masculina, e no posto 25 e seguintes na feminina.

Artigo 47 bis. Protección da maternidade

A deportista que se retire da competición por maternidade, poderá conservar os puntos que tiña acumulados unha vez se reincorpore a competición nacional, sempre que cumpra cos seguintes requisitos:

- Presente Certificado de Nacemento do/a fillo/a o termo do embarazo.
- Teña estado fora da competición un mínimo de 365 días.
- Regrese a competición nos 365 días posteriores o nacemento.
- Sinala con un mes de antelación a primeira proba nacional de vólei praia que vaia a disputar tras a súa maternidade.

Os puntos que conservará serán os que tiña o día que puntuou por última vez nunha proba nacional dentro dos 365 días anteriores o parto. Estes puntos outorgáranse para calcular a súa entrada nas probas organizadas pola RFEVb durante os 365 días posteriores a súa incorporación e ata o momento no que os puntos acumulados durante ese período excedan os conservados. Eses puntos non se terán en conta os efectos da Clasificación para o Campionato de España tal como recolle a normativa da RFEVb.

Artigo 48. A colocación no cadro dos equipos (seeding)

A colocación dos equipos no cadro das probas organizadas pola FGVb, agás que a súa normativa específica establecese outra cosa, farase en función da suma dos puntos obtidos por cada un dos seus compoñentes en todas as probas puntuables dos últimos 365 días. A maior puntuación corresponderalle unha mellor colocación.

Artigo 49. Validez do ránking.

A validez dos puntos do ránking esténdese durante un ano natural dende a súa obtención, contado de data a data. A FGVb levará a conta dos puntos obtidos polos xogadores/as galegos no Ránking Nacional para poder revisalo antes do comezo de cada proba organizada ou homologada pola FGVb.

É responsabilidade de cada Club velar porque os puntos dos seus xogadores sexan correctamente incluídos no Ránking Nacional de Vólei Praia.

Artigo 50. Ránking Galego de Vólei Praia

As competicións organizadas pola FGVb poderán establecer na súa normativa específica un ránking do propio circuíto, que determinará o acceso aos premios finais e á proba Final do circuíto. De forma xenérica, e agás que as normas específicas establezan outro criterio, as probas homologadas e organizadas pola FGVb teñen factor multiplicador 1 sobre a táboa de adxudicación de puntos do RNVP. As probas de Categorias Inferiores (Alevín, Infantil, Cadete, e Sub19) que se celebren do 1 de setembro ao 31 de maio terán un factor multiplicador de 0,5. A táboa de puntos a utilizar será, para calquera categoría a táboa xenérica recollida no Anexo I de este regulamento.



DISPOSICIÓN FINAL

Artigo 51. Todo o que non sexa contemplado por este regulamento será regulado por las disposicións ao respecto da RFEVB.

Anexo I: RÁNKING NACIONAL DE VÓLEI PRAIA

A RFEVb, a través da súa normativa e regulamentos, establecerá cada ano o cadro de puntos, así como o factor multiplicador de cada proba.

RÁNKING GALEGO DE VÓLEI PRAIA

O modo de adxudicación de puntos por xogador segundo a clasificación en cada unha das competicións integradas no sistema farase con base ao seguinte cadro:


Clasificación	1º	2º	3º	4º	5º	7º	9º	13º	17º	25º	33º	37º	41º	49º
Puntos	100	84	72	60	44	32	16	12	8	5	3	2	1	0

No caso de que en determinadas competicións, como nas que se xoga por sistema de grupos, as clasificacións dos equipos non correspondan coas sinaladas mais arriba, a FGVb poderá adaptar as puntuacións correspondentes para evitar que equipos eliminados en distintas rondas reciban a mesma puntuación.


Anexo II: CADROS DE DOBRE ELIMINACION

8 equipos:

Nº partido	Ronda	Equipo 1	c.	Equipo 2
1	I	Seed 1	c.	Seed 8
2	I	Seed 5	c.	Seed 4
3	I	Seed 3	c.	Seed 6
4	I	Seed 7	c.	Seed 2
5	II	Ganador Partido 1	c.	Ganador Partido 2
6	II	Ganador Partido 3	c.	Ganador Partido 4
7	7	Perdedor Partido 1	c.	Perdedor Partido 2
8	7	Perdedor Partido 3	c.	Perdedor Partido 4
9	5	Ganador Partido 7	c.	Perdedor Partido 6
10	5	Ganador Partido 8	c.	Perdedor Partido 5
11	SF	Ganador Partido 5	c.	Ganador Partido 9
12	SF	Ganador Partido 6	c.	Ganador Partido 10
13	Bronce	Perdedor Partido 11	c.	Perdedor Partido 12
14	F	Ganador Partido 11	c.	Ganador Partido 12




Nº Partido	Ronda	Equipo 1	c.	Equipo 2
1	I	Seed 9	c.	Seed 8
2	I	Seed 5	c.	Seed 12
3	I	Seed 11	c.	Seed 6
4	I	Seed 7	c.	Seed 10
5	II	Seed 1	c.	Ganador partido 1
6	II	Ganador partido 2	c.	Seed 4
7	II	Seed 3	c.	Ganador partido 3
8	II	Ganador partido 4	c.	Seed 2
9	9	Perdedor partido 4	c.	Perdedor partido 5
10	9	Perdedor partido 3	c.	Perdedor partido 6
11	9	Perdedor partido 2	c.	Perdedor partido 7
12	9	Perdedor partido 1	c.	Perdedor partido 8
13	III	Ganador partido 5	c.	Ganador partido 6
14	III	Ganador partido 7	c.	Ganador partido 8
15	7	Ganador partido 9	c.	Ganador partido 10
16	7	Ganador partido 11	c.	Ganador partido 12
17	5	Perdedor partido 14	c.	Ganador partido 15
18	5	Perdedor partido 13	c.	Ganador partido 16
19	SF	Ganador partido 13	c.	Ganador partido 17
20	SF	Ganador partido 14	c.	Ganador partido 18
21	3	Perdedor partido 19	c.	Perdedor partido 20
22	F	Ganador partido 19	c.	Ganador partido 20




16 equipos:

Nº partido	Ronda	Equipo 1	c.	Equipo 2
1	I	Seed 1	c.	Seed 16
2	I	Seed 9	c.	Seed 8
3	I	Seed 5	c.	Seed 12
4	I	Seed 13	c.	Seed 4
5	I	Seed 3	c.	Seed 14
6	I	Seed 11	c.	Seed 6
7	I	Seed 7	c.	Seed 10
8	I	Seed 15	c.	Seed 2
9	II	Ganador Partido 1	c.	Ganador Partido 2
10	II	Ganador Partido 3	c.	Ganador Partido 4
11	II	Ganador Partido 5	c.	Ganador Partido 6
12	II	Ganador Partido 7	c.	Ganador Partido 8
13	13	Perdedor Partido 8	c.	Perdedor Partido 7
14	13	Perdedor Partido 6	c.	Perdedor Partido 5
15	13	Perdedor Partido 4	c.	Perdedor Partido 3
16	13	Perdedor Partido 2	c.	Perdedor Partido 1
17	9	Ganador Partido 13	c.	Perdedor Partido 10
18	9	Ganador Partido 14	c.	Perdedor Partido 9
19	9	Ganador Partido 15	c.	Perdedor Partido 12
20	9	Ganador Partido 16	c.	Perdedor Partido 11
21	III	Ganador Partido 9	c.	Ganador Partido 10
22	III	Ganador Partido 11	c.	Ganador Partido 12
23	7	Ganador Partido 17	c.	Ganador Partido 18
24	7	Ganador Partido 19	c.	Ganador Partido 20
25	5	Ganador Partido 23	c.	Perdedor Partido 22
26	5	Ganador Partido 24	c.	Perdedor Partido 21
27	SF	Ganador Partido 21	c.	Ganador Partido 25
28	SF	Ganador Partido 22	c.	Ganador Partido 26
29	Bronce	Perdedor Partido 27	c.	Perdedor Partido 28
30	F	Ganador Partido 27	c.	Ganador Partido 28



24 equipos:

Nº Partido	Ronda	Equipo 1	c.	Equipo 2
1	I	Seed 16	c.	Seed 17
2	I	Seed 9	c.	Seed 24
3	I	Seed 12	c.	Seed 21
4	I	Seed 13	c.	Seed 20
5	I	Seed 14	c.	Seed 19
6	I	Seed 11	c.	Seed 22
7	I	Seed 10	c.	Seed 23
8	I	Seed 15	c.	Seed 18
9	II	Seed 1	c.	Ganador Partido 1
10	II	Ganador Partido 2	c.	Seed 8
11	II	Seed 5	c.	Ganador Partido 3
12	II	Ganador Partido 4	c.	Seed 4
13	II	Seed 3	c.	Ganador Partido 5
14	II	Ganador Partido 6	c.	Seed 6
15	II	Seed 7	c.	Ganador Partido 7
16	II	Ganador Partido 8	c.	Seed 2
17	17	Perdedor Partido 8	c.	Perdedor Partido 9
18	17	Perdedor Partido 10	c.	Perdedor Partido 7
19	17	Perdedor Partido 6	c.	Perdedor Partido 11
20	17	Perdedor Partido 12	c.	Perdedor Partido 5
21	17	Perdedor Partido 4	c.	Perdedor Partido 13
22	17	Perdedor Partido 14	c.	Perdedor Partido 3
23	17	Perdedor Partido 2	c.	Perdedor Partido 15
24	17	Perdedor Partido 16	c.	Perdedor Partido 1
25	III	Ganador Partido 9	c.	Ganador Partido 10
26	III	Ganador Partido 11	c.	Ganador Partido 12
27	III	Ganador Partido 13	c.	Ganador Partido 14
28	III	Ganador Partido 15	c.	Ganador Partido 16
29	13	Ganador Partido 24	c.	Ganador Partido 23
30	13	Ganador Partido 22	c.	Ganador Partido 21
31	13	Ganador Partido 20	c.	Ganador Partido 19
32	13	Ganador Partido 18	c.	Ganador Partido 17
33	9	Ganador Partido 29	c.	Perdedor Partido 26
34	9	Ganador Partido 30	c.	Perdedor Partido 25
35	9	Ganador Partido 31	c.	Perdedor Partido 28
36	9	Ganador Partido 32	c.	Perdedor Partido 27
37	IV	Ganador Partido 25	c.	Ganador Partido 26
38	IV	Ganador Partido 27	c.	Ganador Partido 28
39	7	Ganador Partido 33	c.	Ganador Partido 34
40	7	Ganador Partido 35	c.	Ganador Partido 36
41	5	Ganador Partido 39	c.	Perdedor Partido 38
42	5	Ganador Partido 40	c.	Perdedor Partido 37
43	SF	Ganador Partido 37	c.	Ganador Partido 41
44	SF	Ganador Partido 38	c.	Ganador Partido 42
45	3/4	Perdedor Partido 43	c.	Perdedor Partido 44
46	F	Ganador Partido 43	c.	Ganador Partido 44





32 equipos:

Nº Partido	Ronda	Equipo 1	c.	Equipo 2
1	I	Seed 1	c.	Seed 32
2	I	Seed 16	c.	Seed 17
3	I	Seed 9	c.	Seed 24
4	I	Seed 8	c.	Seed 25
5	I	Seed 5	c.	Seed 28
6	I	Seed 12	c.	Seed 21
7	I	Seed 13	c.	Seed 20
8	I	Seed 4	c.	Seed 29
9	I	Seed 3	c.	Seed 30
10	I	Seed 14	c.	Seed 19
11	I	Seed 11	c.	Seed 22
12	I	Seed 6	c.	Seed 27
13	I	Seed 7	c.	Seed 26
14	I	Seed 10	c.	Seed 23
15	I	Seed 15	c.	Seed 18
16	I	Seed 2	c.	Seed 31
17	II	Ganador Partido 1	c.	Ganador Partido 2
18	II	Ganador Partido 3	c.	Ganador Partido 4
19	II	Ganador Partido 5	c.	Ganador Partido 6
20	II	Ganador Partido 7	c.	Ganador Partido 8
21	II	Ganador Partido 9	c.	Ganador Partido 10
22	II	Ganador Partido 11	c.	Ganador Partido 12
23	II	Ganador Partido 13	c.	Ganador Partido 14
24	II	Ganador Partido 15	c.	Ganador Partido 16
25	25	Perdedor Partido 1	c.	Perdedor Partido 2
26	25	Perdedor Partido 3	c.	Perdedor Partido 4
27	25	Perdedor Partido 5	c.	Perdedor Partido 6
28	25	Perdedor Partido 7	c.	Perdedor Partido 8
29	25	Perdedor Partido 9	c.	Perdedor Partido 10
30	25	Perdedor Partido 11	c.	Perdedor Partido 12
31	25	Perdedor Partido 13	c.	Perdedor Partido 14
32	25	Perdedor Partido 15	c.	Perdedor Partido 16
33	17	Ganador Partido 25	c.	Perdedor Partido 24
34	17	Ganador Partido 26	c.	Perdedor Partido 23
35	17	Ganador Partido 27	c.	Perdedor Partido 22
36	17	Ganador Partido 28	c.	Perdedor Partido 21
37	17	Ganador Partido 29	c.	Perdedor Partido 20
38	17	Ganador Partido 30	c.	Perdedor Partido 19
39	17	Ganador Partido 31	c.	Perdedor Partido 18
40	17	Ganador Partido 32	c.	Perdedor Partido 17
41	III	Ganador Partido 17	c.	Ganador Partido 18
42	III	Ganador Partido 19	c.	Ganador Partido 20
43	III	Ganador Partido 21	c.	Ganador Partido 22
44	III	Ganador Partido 23	c.	Ganador Partido 24
45	13	Ganador Partido 33	c.	Ganador Partido 34
46	13	Ganador Partido 35	c.	Ganador Partido 36
47	13	Ganador Partido 37	c.	Ganador Partido 38
48	13	Ganador Partido 39	c.	Ganador Partido 40
49	9	Ganador Partido 45	c.	Perdedor Partido 42
50	9	Ganador Partido 46	c.	Perdedor Partido 41
51	9	Ganador Partido 47	c.	Perdedor Partido 44
52	9	Ganador Partido 48	c.	Perdedor Partido 43
53	IV	Ganador Partido 41	c.	Ganador Partido 42
54	IV	Ganador Partido 43	c.	Ganador Partido 44
55	7	Ganador Partido 49	c.	Ganador Partido 50
56	7	Ganador Partido 51	c.	Ganador Partido #52
57	5	Ganador Partido 55	c.	Perdedor Partido 54
58	5	Ganador Partido 56	c.	Perdedor Partido 53
59	SF	Ganador Partido 53	c.	Ganador Partido 57
60	SF	Ganador Partido 54	c.	Ganador Partido 58
61	3/4	Perdedor Partido 59	c.	Perdedor Partido 60
62	F	Ganador Partido 59	c.	Ganador Partido 60



